

CONCURSO DE IDEAS E PROXECTOS SPIN_UP

O proxecto SPIN_UP “Definición e implementación de Nucleos Locales de Transferencia para a promoción de SpinOffs Universitarias e StartUps innovadoras” cofinanciado ao 75% polo programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea, ten como obxectivo final estimular a creación de empresas a través da transferencia de tecnoloxía e coñecemento mediante o encontro entre o tecido produtivo e a oferta dos axentes xeradores de coñecemento.

No marco deste proxecto, Uninova, a incubadora de empresas da Universidade de Santiago, organiza este concurso no que se procuran:

Ideas que identifiquen necesidades de innovación e solucionen retos existentes relacionados coas seguintes 4 áreas produtivas:

**AGRO-BIO
INDUSTRIA ALIMENTARIA**

**INDUSTRIA DA
TRANSFORMACIÓN 4.0**

**INDUSTRIA CREATIVA,
TIC, TURISMO**

**SAÚDE-ENVELLECIMENTO
ACTIVO**

OBXETIVO

Atopar solucións innovadoras ou resultados de investigación que poidan dar solucións a necesidades industriais na área de Santiago de Compostela.

O obxecto final é a creación de empresas a partires da transferencia de tecnoloxía e coñecemento.

A QUEN VAI DIRIXIDO:

O concurso vai dirixido a toda a comunidade universitaria de Galicia (USC, UVigo, UDC):

Grupos de Investigación e Persoal Docente e Investigador (PDI)

Estudantes:

alumnos que se atopen realizando estudos de grao, doutoramento e alumnos de Máster

Empresas vinculadas á universidade

O CONCURSO CONSTA DE 2 FASES:

1. PRESENTACIÓN DE INICIATIVAS

2. ACELERACIÓN PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS

Os premios baséanse no apoio e asesoramento para a eventual creación da empresa (valorados en aproximadamente 4.500 € por proxecto)

Neste proceso recibirase apoio e asesoramento de consultor empresarial, mentor e titor, así como tamén asesoramento en materia de propiedade intelectual e industrial e acompañarase a foros de investimento.

**Datas de presentación de iniciativas:
desde o 6 de xullo ata o 30 de setembro de 2020.**

Consulta as bases na web do proxecto (<https://spinup-project.eu/>)

Máis información en

info@uninova.org | 881 815 538 | 881 815 593